



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade

Referencia: BING / 2026

Expediente convocatoria: 2025000033932

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DAS BOLSAS PARA O ESTUDO DE INGLÉS EN IRLANDA (BING / 2026)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante Resolución número 57457, do 2 de decembro de 2025, dispúxose avocar a competencia para a aprobación das bases reguladoras das bolsas para o estudo de inglés en Irlanda do ano 2026, procedéndose así mesmo á aprobación das ditas bases. Con posterioridade, mediante Resolución número 868/2026, do 14 de xaneiro de 2026, acordouse modificar a Resolución número 57457, manténdose a aprobación das bases reguladoras da convocatoria.

As ditas bases foron publicadas no BOP número 10 do 16 de xaneiro de 2026.

En paralelo, iniciouse a tramitación do expediente de contratación para a xestión do programa, presentándose varios licitadores ao procedemento, o que permite prever razoablemente a súa adxudicación en prazo.

En consecuencia, á vista do estado de tramitación do expediente de contratación, así como da concorrencia de operadores económicos interesados

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a convocatoria do Bolsas para o estudo de inglés en Irlanda, de conformidade coas bases reguladoras publicadas no BOP número 10 do 16 de xaneiro de 2026.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 9 de abril de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 23 de abril de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas,

**RPT-21603607

de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Alumnado de 1º de bacharelato escolarizado nun centro educativo sostido con fondos públicos (público ou concertado) e que resida nalgún concello da provincia da Coruña, agás os dos termos municipais da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol

Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de 60 bolsas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a financiar o gasto derivado da realización dunha estadía de catro semanas na República de Irlanda para mellorar as competencias lingüísticas daquel alumnado de 1º de bacharelato escolarizado nun centro educativo sostido con fondos públicos (público ou concertado) e que resida nalgún concello da provincia da Coruña, agás os dos termos municipais da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP número 10 do 16 de xaneiro de 2026.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 387.050,40 €, con cargo á partida 0612/3269/22609 do Orzamento ordinario para 2026.

As bolsas non implican en ningún caso o aboamento dunha contía económica directa ás persoas beneficiarias. A súa dotación consiste na cobertura do 100 % dos custos derivados da participación no programa de estudos de inglés en Irlanda, sen que as familias teñan que asumir ningún tipo de copagamento.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iníciase ás 08:00 horas do día 9 de abril de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 23 de abril de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes coma o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Alumnado de 1º de bachillerato escolarizado en un centro educativo sostenido con fondos públicos (público o concertado) y que resida en algún ayuntamiento de la provincia de A Coruña, excepto A Coruña, Santiago de Compostela y Ferrol

Segundo. Objeto

El objeto de la presente convocatoria es la concesión de 60 bolsas en régimen de concurrencia competitiva, destinadas a financiar el gasto derivado de la realización de una estancia de cuatro semanas en la República de Irlanda para mejorar las competencias lingüísticas de aquel alumnado de 1º de bachillerato escolarizado en un centro educativo sostenido con fondos públicos (público o concertado) y que resida en algún ayuntamiento de la provincia de A Coruña, excepto A Coruña, Santiago de Compostela y Ferrol

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP número 10 del 16 de enero de 2026.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 387.050,40 €, con cargo a la partida 0612/3269/22609 del Presupuesto ordinario para 2026.

Las becas no implican en ningún caso el abono de una cuantía económica directa a las personas beneficiarias. Su dotación consiste en la cobertura del 100% de los costes derivados de la participación en el programa de estudios de inglés en Irlanda, sin que las familias tengan que asumir ningún tipo de copago.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 9 de abril de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 23 de abril de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>